



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Modelo MD85PRO01

Programación Itinerario de Musicoloxía

6º de Grao Profesional

2018-2019

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

Departamento de Fundamentos de Composición



Índice

- 1. Introdución 4**
- 2. Obxectivos das ensinanzas 5**
 - 2.1 Obxectivos xerais do grao profesional 5**
- 3. Obxectivos específicos 6**
 - 3.1 Grao profesional 6**
- 4. Metodoloxía 7**
- 5. Atención á diversidade 10**
- 6. Temas transversais 11**
 - 6.1 Educación en valores 14**
 - 6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) 16**
- 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas 17**
- 8. Secuenciación do curso 17**
 - Curso: 6º MÚSICA TRADICIONAL GALLEGA 17**
 - 8.1 Obxectivos 17**
 - 8.2 Contidos 18**
 - 8.3 Avaliación 20**
 - 8.3.1 Criterios de avaliación 20**





8.3.2 Mínimos esixibles 21

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación 22

8.3.4 Criterios de cualificación 23

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula 25

8.4 Medidas de recuperación 25

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios 25

8.4.2 Probas extraordinarias de setembro 26

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica 25

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento 27

1. Introducción

Segundo o previsto polo Decreto 203/2007, de 27 de Setembro, polo que se establece o currículo dos ensinos profesionais de réxime especial de música, o itinerario de musicoloxía pretende ofrecerlle ao alumnado unha serie de aspectos xerais para afirmar os coñecementos básicos da metodoloxía da investigación Musicolóxica aos que se ten introducido no conxunto de materias teóricas propias do currículo de grao profesional. De xeito máis específico con esta optativa preténdese facilitar unha visión de conxunto e sistemática destes estudos dentro do ensino especializado do grao profesional, ben como antesala dos estudos universitarios de historia e ciencias da música, ou ben dentro da especialidade de musicoloxía, propia dos conservatorios superiores.

A materia organízase en dous grandes bloques: o primeiro aborda as características esenciais da ciencia, tales como a súa historia, a metodoloxía, as escolas, a visión actual, etc. O segundo trata da investigación musicolóxica, introducindo os métodos de investigación, documentación e edición, e considerando a súa funcionalidade en relación co anterior.

Malia a división aparente entre eles, estes dous grandes bloques de contidos non deben ser entendidos como independentes, senón que deben aparecer relacionados nas programacións de aula.

Esta materia, pertencente ao itinerario de musicoloxía, resulta de interese para o alumnado que desexe acceder a esta especialidade, igual que para o que pretenda cursar a de instrumentos da música tradicional e popular galega, debido ao tratamento de contidos introdutorios relativos ás materias de carga teórico-práctica propias desta especialidade. Tamén en razón da materia optativa asociada a este itinerario: Música de

Tradición Oral de Galicia.

En termos máis xerais, e considerando o seu enfoque analítico e investigador, a materia de Musicoloxía é apropiada para calquera estudante que considere de interese o estudo da música desde as súas facetas científica e humanística.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1. Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.



g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao profesional

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de





cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

Interpretar individualmente ou dentro da agrupación.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Metodoloxía

Principios metodolóxicos



A docencia-aprendizaxe desta materia de musicoloxía baséase nunha metodoloxía participativa, facilitada pola interacción directa entre docente e alumnado. Intentarase que o alumno estea motivado para buscar por si mesmo a información e constrúa o coñecemento que despois haberá de adquirir. Para iso o profesor orientaralle a través dun cuestionario, que se facilitará para cada tema, onde aparecerán as preguntas básicas, relacionadas cos contidos, que o alumno haberá de contestar.

É obrigado ter moi presente a formación técnica e humanística que o alumnado ten nesta altura, así como a súa capacidade de manexo autónomo de fontes críticas e documentación, o que debe permitir que os coñecementos sexan directamente construídos baixo a supervisión directa do docente na aula.

Actividades didácticas programadas: clases colectivas

Dada a ratio prevista, as clases terán sempre un carácter colectivo. A docencia desenvolverase prioritariamente na aula, traballando sobre textos ou materiais; estableceranse actividades a desenvolver na biblioteca, e no seu caso na aula de novas tecnoloxías, cando a súa natureza o precise.

Entre as actividades a desenvolver, cómpre citar con carácter xeral:

- Explicación dos conceptos teóricos básicos da disciplina (aula).
- Aproximación ás fontes, e práctica coas mesmas (biblioteca - aula)
- Elaboración de traballos orixinais, combinando diferentes tipos de fontes: documentos musicais, textuais, literatura crítica, etc. (aula-traballo persoal).
- Realización de debates co obxectivo de utilizar terminoloxía musicolóxica e científica específica e de desenvolver criterios de análises críticas.





Recursos Materiais:

En clase temos ordenador, lousa, canón, proxector de transparencias, equipo de son. Utilizaranse fotocopias, cadros sinópticos, artigos e outros materiais de apoio. Ademais poderemos facer uso da aula de informática e da biblioteca onde poderemos consultar a seguinte bibliografía básica:

Bibliografía recomendada:

- Blaxter, Loraine e outros. *Cómo se investiga*. Barcelona, Graó, 2008.
- Chailley, Jacques. *Compendio de Musicología*. Madrid, Alianza, 1991.
- Dahlhaus, Carl, *Fundamentos de la Historia de la Música*, Baelona, Gedisa, 1997 (1ª ed. 1977).
- García Llovera, Julio Miguel. *Musicología: campos y caminos de una ciencia*. Zaragoza, Pórtico, 2005.
- López Cano, Rubén y San Cristóbal Opazo, Úrsula: *Investigación artística en música. Problemas, métodos, experiencias y modelos*. Esmuc. Barcelona, 2014
- Rodríguez Suso, Carmen. *Prontuario de musicología: música, sonido, sociedad*. Barcelona, Clivis, 2002.
- Salazar, Adolfo, *Conceptos fundamentales en la historia de la música*, Madrid, Alianza, 1988.

Revistas científicas:

- Anuario Musical. CSIC-Instituto Español de Musicología. Barcelona. 1946-
- Nassarre. Revista Aragonesa de Musicología. Zaragoza. 1985-
- Revista de Musicología. Sociedad Española de Musicología. Madrid. 1978-





- Recursos de la Música y la Danza en España. Centro de Documentación de Música y Danza. Ministerio de Educación y Cultura. INAWM.

A materia de musicoloxía impartirase en tres espazos: aula, biblioteca, aula informática.

Posto que non existe un libro de texto específico que se considere unha introdución completa á materia de Musicoloxía, farase uso de diferentes manuais, sendo un dos obxectivos precisamente a familiarización cos textos básicos da disciplina. Así mesmo, potenciarase a procura de información en fontes enciclopédicas, dicionarios, revistas, soportes informáticos, etc, polo que se fai imprescindible o uso da biblioteca e da aula de informática.

Recoméndase o *Prontuario de Musicoloxía*, de Carmen Rodriguez Suso, como manual de referencia para a iniciación na materia.

Farase uso de todas as fontes documentais dispoñibles no centro, como edicións facsímiles, gravacións, etc. Tamén se usarán fotocopias con cadros sinópticos, resumos e esquemas da materia.

5. Atención á diversidade

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.



Os alumnos que acceden a un conservatorio presenan diferenzas individuais e non todas elas aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar os alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada unha e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

6. Temas transversais

Contenidos Transversales

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores.



Debe ser o suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural e en permanente cambio. Por iso, contén un conxunto de ensinos que, integradas no propio programa das materias, atravésano ou o impregnan.

- A comprensión lectora
- Expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- A educación en valores.

Relación coas Competencias Básicas

Esta materia permite establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas establecendo as canales necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, chegando a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas con a audición, a interpretación e a creación musical.

Por tanto, o papel de a música é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa na que se atopan os alumnos que cursan esta materia.

- Proporciona ao alumno o desenvolvemento de capacidades de discriminación



auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicales en vivo ou gravadas.

- Contribúe ao desenvolvemento de todas aquelas capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical.

-Permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade.

-Fai posible a profundización e a ampliación de conocimientos, que son fonte de enriquecemento cultural e artístico.

O obxectivo básico será así contribuir á formación integral dos alumnos a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica e ao afianzamento dunha postura aberta e reflexiva ante a creación e a difusión da música na nosa sociedade. Desta forma, podemos afirmar que a materia desenvolve un labor fundamental para a evolución dunha personalidade equilibrada que integra a formación de capacidades do seguinte tipo:

-Capacidades cognitivas: impulsa o desenvolvemento do pensamento formal abstracto porque fai posible a estruturación mental e a representación do mundo artístico musical e a súa relación con distintas épocas, outras manifestacións



artísticas e outros linguaxes.

-Capacidades socioafectivas: configura un vehículo de comunicación fundamental. Achega procedementos esenciais para a análise crítica e a valoración de obras de distintos autores e épocas. Enriquece o mundo cultural dos alumnos, favorece o traballo en grupo e o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia.

-Capacidades estéticas e creativas: facilita a expresión, de forma orixinal, das súas propias ideas. Permite disfrutar de a audición de obras musicais como forma de comunicación, como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

6.1. Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar aa formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concréntanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:



- **EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ:** aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

- **A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS:** no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección

ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

- **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:** o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.





- **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

Ademais dos valores citados, valores de carácter persoal e interpersonal-social tales como creatividade, independencia, integridade, tolerancia, produtividade, participación, paixón, empatía, disciplina, cumprimento, convivencia, apoio, autenticidade, colaboración e compañeirismo, comprensión, comunicación, confianza, constancia, cooperación, flexibilidade).

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da

Na medida do posible utilizaranse diferentes recursos Offline: Software educativos, CD-ROMs Interactivos, Presentaciones (Slideshare, Prezzi; PowerPoint), sempre que realmente faciliten a asimilación do contido ou respondan a unha necesidade de aprendizaxe construtivo e participativo.

Tamen utilizaranse recursos Online: Webs interactivas e colaborativas, Wikis, Blogs, Redes Sociais, Youtube, etc.

Utilizaranse Recursos de MOS (web do Ministerio de Educación), así como directorios de partituras e música gravada. (Proxecto Biblioteca Internacional de Partituras Musicais)(IMSLP). <http://imslp.org/wiki>

Facilitarase información ao alumno sobre recursos web onde solucionar problemas de teoría a través da búsqueda en webs do tipo: <http://www.teoria.com>, así como directorios de fontes para que se familiaricen con elas.

Uso de webquest musicais.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Actividades complementarias e extraescolares.

Prevese a realización de actividades complementarias e extraescolares, como poden ser a visita a espazos documentais, museos ou arquivos, ben para a observación, ou para o traballo directo na medida do posible, en fontes documentais orixinais.

8. Secuenciación do curso.

Curso: 6ºG.P. Itinerario de Musicoloxía

8.1 Obxectivos

O itinerario de musicoloxía dos estudos profesionais de música terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical desde un punto de vista científico.
2. Introducirse na investigación musicolóxica mediante as técnicas de traballo e o emprego das ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as súas propias investigacións.
3. Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os medios ao seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos



musicais con datos doutra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.).

4. Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar as manifestacións musicais do contorno e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, na súa recollida e na súa transmisión.

E máis especificamente:

- Descubrir cómo determinados conceptos musicolóxicos mediatizan a visión da historia e a recuperación que se fai desta, influíndo de maneira indirecta nas novas creacións.
- Ampliar os límites cronolóxicos, culturais e críticos de escóita.
- Aprender a situarse de maneira crítica ante calquera tipo de manifestación musical.

8.2 Contidos

Tema 1. A musicología. Definicións. A división clásica: Histórica, sistemática e aplicada. As ciencias auxiliares. O musicólogo e as tarefas profesionais. Campos de estudo e tipos de investigación musicológica.

Tema 2. Historia da Musicología. A Historiografía. Definición. Historiografía ata o século XVIII. A Historiografía Ilustrada. O século XIX. Forkel, Fétis, Ambros. O século XX. Carl Dalhaus. Adolfo Salazar. Riemann. Os tres modelos: Biográfico,





Positivismo e Formalismo. Caso Práctico: Os estudos de xénero. Feminismo e Música.

Tema 3. A investigación artística. Criterios básicos. Destrezas necesarias do investigador. As diferentes metodoloxías (fenomenológica, construcionista e performativa). Cómo realizar un proxecto de investigación en música. El plan de traballo. A investigación documental, os métodos cuantitativos, os métodos cualitativos, a práctica autoetnográfica.

Tema 4. As fontes. A Literatura Musical. A iconografía musical.

Tema 5. A crítica musical. A recensión crítica.

Tema 6. Poñendo en práctica. Realización dun plan de traballo. Realización dun comentario sobre unha fonte iconográfica ou literaria. Realización dunha crítica dun concerto.

Contidos Actitudinais:

1. Interese polo coñecemento dos fenómenos que subxacen ás manifestacións musicais.
2. Desenvolvemento da capacidade analítica e investigadora.
3. Valoración das fontes teóricas e prácticas como medio informativo.





4. Desenvolvemento dunha actitude crítica e valorativa.

5. Aprecio e respecto polas diferentes producións sonoras e polo labor investigador.

Contidos Procedimentais:

1. Análise e comentarios de textos históricos, artigos, partituras e críticas de concertos. Recensións críticas.

2. Preparación e asistencia a concertos, conferencias ou exposicións relacionadas coa materia e o seu posterior comentario e debate.

3. Utilización de medios audiovisuais e de novas tecnoloxías.

4. Utilización e aproveitamento das fontes de información musical que están ao noso alcance, (bibliotecas, hemerotecas, centros de documentación musical, etc.)

Temporalización de contidos:

Primeiro Trimestre: Tema 1 a 3.

Segundo Trimestre: Tema 4 y 5.

Terceiro Trimestre: Tema 6.



8.3 Avaliación

8.3.1 Criterios de avaliación

- Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta.
- Manexar un vocabulario científico axeitado para a descrición dos contidos tratados na materia, de acordo coas convencións do discurso científico da musicoloxía.
- Coñecer as partes das que consta un traballo de investigación musicolóxica e ser capaces de esbozar un propio.
- Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal.
- Recoñecer as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, en épocas, estilos ou autores máis representativos, pasados ou presentes.
- Recoñecer a través de análise, auditiva ou visual, as características básicas das diversas fontes que conforman o patrimonio da Historia da Música.

8.3.2 Mínimos esixibles

- Coñocer os campos de estudo da musicoloxía, as principais liñas de investigación.
- Coñocer as principais correntes da Historiografía musical europea y os métodos de investigación musicolóxica.
- Coñocer os recursos propios da investigación: investigación en bibliotecas, arquivos, etc. As fontes: tipos e sistemas de catalogación.
- Elaboración dos traballos e a súa defensa perante os seus compañeiros.

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

No **primeiro e segundo trimestre** entregárase a cada alumno ao comezo de cada tema un cuestionario coas preguntas fundamentais que haberán de responder nesa unidade, ben usando apuntamentos, ben buscando nas fontes documentales, ou ben tomando notas durante a exposición de contidos por parte do profesor. Estes cuestionarios haberán de entregarse ao final de ambos trimestres e serán evaluables. Representan o 40% da nota. Tamen realizarase unha proba escrita sobre os contidos de cada unidade, o que representa outro 40% da nota final do trimestre. O 20% restante da nota extráese da nota de clase. En cada clase se evaluará:

1. A participación dos alumnos.
2. A realización das actividades propostas dunha clase á seguinte.
3. A atención e o interese mostrado.



Cada un destes criterios cualificarase cun positivo por parte do profesor, de tal modo que en cada clase poden lograrse un máximo 3 positivos. Para achar a nota numérica de clase ao final do trimestre, contarase o número de clases e farase unha regra de tres tendo en conta o máximo de positivos que podían lograrse e os que conseguiu o alumno. Ej. Si o alumno conseguiu 12 positivos sobre un total de 18, tería un 6.6 de nota de clase, o que representaría o 20% da nota do trimestre.

No último trimestre o alumno haberá de realizar e defender diante dos seus compañeiros os traballos que se especifican no tema 6 dos contidos e que se relacionan co contido teórico de cada unidade. Se evaluará tanto o traballo escrito (70% da nota dese trimestre) como a presentación e defensa do mesmo (30%) da nota do trimestre.

8.3.4. Criterios de cualificación

La evaluación reflejará tanto el trabajo realizado en clase como la asimilación de contenidos.

En el **primer y segundo trimestre se evaluará:**

1. Cuestionarios de clase, que habrán de ser entregados al final de trimestre. **40%**
2. Realización de una prueba escrita sobre los contenidos de dichos cuestionarios. Esta prueba puede ser tipo test, con preguntas de



desarrollo o ambas cosas. **40%**

3. Trabajo de clase, donde se evaluarán tres criterios: **20%**

1. A participación dos alumnos.
2. A realización das actividades propostas dunha clase á seguinte.
3. A atención e o interese mostrado.

(Ver procedimientos y ferramentas de avaliación).

No último trimestre se evaluará a realización e defensa do traballo relativo aos contidos do Tema 6.

O traballo escrito representa o 70% da nota dese trimestre.

A presentación e defensa do mesmo representa o 30% da nota do trimestre.

Nestes traballos valorarase o uso dos recursos dispoñibles de forma coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación dun traballo de investigación científico. Este instrumento valorará en que medida o alumno é capaz de propor e de realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou de grupo que lle permita a aplicación da metodoloxía aprendida, o manexo das fontes, a consulta en arquivos, a elaboración de fichas e citas. Valorarase a autenticidade das fontes empregadas, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas. Este traballo será autorizado polo profesor, que orientará ao alumno na procura de información



e no manexo das fontes, e levará a cabo, se o programa cúmprese segundo o previsto, no último trimestre.

A nota final é a media dos tres trimestres, sempre que al menos dous estean aprobados. Se de media non sae aprobado (5), o alumno realizará unha recuperación a final de curso sobre os contidos dese trimestre non aprobado (traballo ou proba escrita, segundo o considere o profesor, e cuestionarios se estes non estaban aprobados). Si o trimestre que está suspenso é o terceiro, o alumno pode recuperar ese trimestre na recuperación de xuño, volvendo presentar e defender ante o profesor o traballo.

No caso de que teña dous trimestres suspensos e un aprobado, poderá realizar el **exame de Xuño** de toda a materia. Este exame consta dunha parte teórica 60% da nota, e unha parte práctica que consiste na realización dun traballo de investigación sobre os contidos da unidade 6. (30%). Neste traballo é imprescindible incluír unha bibliografía e un índice. Non hai que expolo. A parte teórica pode constar de preguntas de desenvolvemento, preguntas tipo test ou ambos os tipos de preguntas. O exame de setembro será do mesmo tipo. (Parte teórica 60% e parte práctica 30%).

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Ao non existir esta materia no 5º curso de Grao Profesional non haberá proba de

Ampliación. O alumnado que desexe adiantar a 6º deberá acordar co docente as actividades que terá que realizar para acadar o nivel da materia, en función do momento do curso en que se efectúe esa ampliación.

8. 4. Medidas de recuperación.

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Si una avaliación non está aprobada, o alumno realizará unha recuperación a final de curso sobre os contidos desa avaliación (proba escrita 50% y cuestionarios 50%). Si o trimestre que está suspenso é o terceiro, o alumno pode recuperar ese trimestre na recuperación de final do curso, volvendo presentar e defender ante o profesor o traballo. (70% traballo escrito, 30% exposición).

Perda da Avaliación Contínua

- En caso de perda da avaliación continua o alumnado deberá presentarse al exame de xuño. Este exame consta dunha parte teórica (60% da nota), e unha parte práctica que consiste na realización dun traballo de investigación sobre os contidos da unidade 6. (30%). Neste traballo é imprescindible incluír unha bibliografía e un índice. Non hai que expolo. A parte teórica pode constar de preguntas de desenvolvemento, preguntas tipo test ou ambos os tipos de preguntas.

8.4.2 Probas extraordinarias de setembro

O exame de setembro é igual que o exame de xuño; consta dunha parte teórica (60% da nota), e unha parte práctica que consiste na realización dun traballo de investigación sobre os contidos da unidade 6. (30%). Neste traballo é



imprescindible incluír unha bibliografía e un índice. Non hai que expolo. A parte teórica pode constar de preguntas de desenvolvemento, preguntas tipo test ou ambos os tipos de preguntas.

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao final de cada mes revisarase a cantidade de materia impartida ea conveniencia ou non de continuar coa mesma liña metodolóxica ou facer modificacións en función de:

- a. Feedback dos alumnos.
- b. Aproveitamento da clase.
- c. Nivel de coñecementos previos e adaptación da materia á súa capacidade cognitiva e intereses.
- d. Probas de avaliación realizadas.

Programarase a materia que haberá de impartirse ao longo do próximo mes (4 clases seguintes) e realizarase un cuestionario aos alumnos en clase que incluírá preguntas do tipo:

¿que aprendiches? ¿que non aprendiches do impartido e porqué? ¿como poderías evitalo? ¿que farás de maneira diferente a próxima vez? ¿que che gustou aprender sobre ese tema? ¿que cambiarías do temario ou da maneira de impartilo? ¿qué necesitas que ocorra para que o aprendizaxe sexa mais eficaz?

10. Procedementos para realizar a avaliación



interna do departamento

Os integrantes do departamento de Composición estarán atentos ao grao decumplimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais, así como nas reunións extraordinarias de persoal, teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que





serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento.

Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

